



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Teatro en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02047
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Tato Fontaiña, Laura Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	laura.tato@udc.es carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo particularizado de obras, autores e momentos relevantes e significativos da dramaturxia en lingua galega e portuguesa.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán mudanzas.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Evento científico/divulgativo asíncrono Lecturas Discusión dirixida</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: Presentacións orais: as exposicións de textos dramáticos realizarase no Moodle. A discusión conxunta farase através de comentarios en cada unha das entradas. Sesión maxistral: as contextualizacións dos contidos por parte do docente faranse en sesións de Teams. Empregarase igualmente o Teams para unha sesión de atendimento grupal semanal.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Email: permanentemente Aplicación de mensaxaría do Moodle: permanentemente Sesión de atendimento conxunto: todas as cuartas feiras, entre as 11 e as 12 horas, nunha sesión síncrona que ficará gravada para consultas posteriores.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non hai modificacións nin nas metodoloxías avaliábeis nin na porcentaxe na cualificación final.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Toda a bibliografía básica de crítica literaria está accesíbel no espazo do Moodle destinado á materia, ben como as obras dramáticas estudadas en cada epígrafe dos contidos. As presentacións de textos dramáticos por parte do alumnado limitaranse a aquelas que son accesíbeis en formato dixital. Neste sentido, o docente facilitará enderezos de repositorios web en que poden ser localizadas estas obras (Instituto Camões, Revista Galega de Teatro etc.)</p>			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
O alumnado deberá posuír un coñecemento avanzado dalgúns dos monumentos dramáticos das literaturas en linguas galega e portuguesa.	A11 A17 A18 A19 A20	B1 B8
O alumnado deberá coñecer as diversas metodoloxías de análise literaria e espectacular e ser capaz de avaliar criticamente o estilo dun texto dramático ou dun espectáculo teatral.	A2 A11 A14	B1
O alumnado deberá ser capaz de presentar oralmente os resultados das súas análises dunha maneira rigorosa e efectiva, demostrando a súa capacidade de síntese e de xerarquización da información.		B6 B7
O alumnado deberá saber pór en relación a información presentada pol@s compañeir@s coas lecturas realizadas e facer comentarios retroalimentadores que demostren a súa capacidade para identificar os valores dun texto dramático e trazar pontes cos outros textos das diferentes dramaturxias en lingua galega e portuguesa.	A11 A17 A18 A20	B5 B7
O alumnado deberá ser quen de traballar en grupo na procura de exemplos de dramaturxias e encenacións posdramáticas, ben como de expor os seus resultados de maneira crítica e rigorosa nunha discusión dirixida asíncrona.	A11 A14	B1 B6 B7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Teatro: literatura e encenación	1.1 Entre dous polos: do logocentrismo á marxinação do texto 1.2. Reflexións sobre a representación no século XX. As experiencias da Sociedade Teatro Livre de Lisboa e do Conservatorio Nacional de Arte Galega. 1.3. O metateatro en lingua galego-portuguesa 1.4. Teatro sen fixación escrita:1.4.1. Barriga Verde e a comunicación das subalternas1.4.2. O teatro mozambicano contemporáneo
2. Teatro Modernista no Brasil e en Portugal e Teatro de Arte na Galiza	2.1. O proxecto de Teatro da Arte de Castelao e as achegas de Otero Pedrayo. 2.2. A renovación estética do teatro de Oswald de Andrade 2.3. O teatro modernista portugués non atinxe os palcos



3. A actividade teatral fronte ás ditaduras e ao xugo colonial	3.1. A refundación do teatro galego desde 1965 3.2. O teatro portugués e o 25 de abril 3.3. O teatro brasileiro e a resistencia á ditadura 3.5. O teatro de Pepetela e a Angola da post-independencia.
4. Dramaturgas	4.1. Historiografías dramáticas masculinizadas e autoras invisibilizadas 4.2. Teatro feminista na Galiza e nos países lusófonos. A Escola de Mulheres de Lisboa 4.3. Dramaturgas dos séculos XX e XXI
5. Posdrama en lingua galega e portuguesa	5.1. Na Galiza: a escrita teatral de Xesús Pisón e as propostas escénicas de Ana Vallés. 5.2. Prácticas postdramáticas en Portugal: Carlos J. Pessoa e o Teatro da Garagem

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20	8	34	42
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A11 B8	2	4	6
Discusión dirixida	A11 A14 B1 B5 B7	2	22	24
Presentación oral	A11 A2 B1 B6 B7	10	18	28
Sesión maxistral	A11 A17 A18 B7 B8	8	2	10
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras teatrais que o/a alumno/a debe ler ao longo do cuadrimestre. Alén destas, o docente fornecerá artigos e estudos especializados sobre os contidos tratados na materia.
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a un evento específico escollido entre os propostos polo docente nas primeiras sesións, ora unha representación teatral, ora unha palestra sobre teatro en lingua galega ou portuguesa.
Discusión dirixida	Através do espazo de traballo colaborativo en liña o alumnado participará nunha discusión dirixida polo profesor sobre temas atinentes aos contidos da materia. Previamente, deberán preparar as discusións coa lectura de artigos especializados.
Presentación oral	Exposicións orais en grupos de dúas persoas, na aula, en que se exporá a análise e comentario dun texto dramático. A totalidade do grupo participará no diálogo posterior, demostrando a asimilación das lecturas por medio de comentarios retroalimentadores.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver os traballos prácticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Os/as alumnos/as poderán contar con axuda personalizada para a preparación das súas presentacións orais e para solventar as dificultades levantadas polas lecturas e a participación na discusión dirixida. Da mesma maneira, combinaranse sesións de atendimento individualizado ou grupal para resolver as dúbidas xurdidas das exposicións maxistras.
Lecturas	
Presentación oral	
Eventos científicos e/ou divulgativos	
Discusión dirixida	

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20	O control das lecturas será realizado por medio da participación na aula nos diálogos posteriores ás presentacións orais individuais, ben como a través da presentación de informes de lecturas de artigos especializados achegados polo docente.	30
Presentación oral	A11 A2 B1 B6 B7	En grupos de dúas persoas, deberán realizarse un mínimo de dúas presentacións de monumentos dramáticos escritos en lingua galega ou portuguesa. Avaliarase a capacidade de focar os aspectos centrais da obra e a súa singularidade, así como de a pór en relación coas temáticas e correntes comentadas nas sesións expositivas. Tamén se ponderará a escolla e comentario oral dun fragmento da mesma.	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A11 B8	O alumnado deberá asistir ora a un espectáculo teatral programado na contorna, ora a unha palestra especializada sobre teatro en lingua galega e portuguesa. Posteriormente, deberá realizar un informe -oral ou escrito- sobre o mesmo. O docente comunicará nas primeiras sesións presenciais a natureza e lugar de celebración do evento e, se for preciso, presentará alternativas para o alumnado que non puider asistir ao inicialmente programado.	10
Discusión dirixida	A11 A14 B1 B5 B7	O estudantado participará -nun contexto formal e coas claves da redacción académica- nun foro de discusión asíncrona aberto no Moodle en que o docente propondrá unhas liñas temáticas ou preguntas sobre un dos contidos da materia. Para unha correcta participación será preciso realizar unhas lecturas previas sinaladas desde a primeira sesión. Serán avaliados tanto a interiorización das lecturas e a capacidade de identificar os aspectos máis relevantes, como o diálogo establecido co resto de integrantes da turma (para o que será preciso unha lectura demorada dos seus comentarios).	30

Observacións avaliación

As persoas con matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán porse en contacto co docente en horario de titorías ou a través do correo electrónico para coñecer a maneira de acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona establecidas ao efecto.

Para superar a materia será requisito indispensable a realización das presentacións orais e a participación na discusión dirixida. Quen non realizar ambos os exercicios será considerado/a NON PRESENTADA/O.

Na segunda oportunidade (xullo) e na convocatoria adiantada de decembro haberá que realizar os mesmos traballos e probas que na primeira e o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

As persoas que se matricularen na convocatoria adiantada de decembro deberán contactar co profesor antes de o mes de novembro concluír.

Salvagardando en todo o momento os dereitos de autoría e protexendo os datos dos mesmos, os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. De se producir algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

Fontes de información



Bibliografía básica

- (2003). Teatro galego. Setepalcos 4. Coimbra: Cena Lusófona
 - Barata, J. Oliveira (1991). História do Teatro Português. Lisboa: Universidade Aberta
 - Biscainho-Fernandes, C-C (2007). A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral. Santiago: Editorial Laiovento
 - Biscainho-Fernandes, C-C (2008). Un país desde as táboas. 125 anos de teatro galego. Compostela: Xunta de Galicia
 - Biscainho-Fernandes, C-C (2019). "A dramaturxia galega feminina no século XXI", eHumanista IVITRA, 15, Monográfico III, Santa Bárbara (California) (Estados Unidos), UC Santa Barbara, 2019, pp. 324-341.
 - Caetano, Cristina Maia (2004). Conhecer o teatro em Moçambique. Pinhel: Pinhel Editora.
 - Caetano, Ana Cristina Maia (2003). Contributos para o Estudo do Teatro em Moçambique. Dissertação de Mestrado
 - Campoi García, Comba (2018). Sen medo ao demo: resistencia simbólica na Galiza da Posguerra: o teatro de títeres de Barriga Verde. Allariz: Dr. Alveiros
 - Figueiredo, César Alessandro (2015). "A ditadura militar no Brasil e o teatro: memória e resistência da classe artística", Revista Eletrônica de Ciência Política 6, n. 2.
file:///Users/carlosbiscainho/Downloads/44240-167761-1-PB.pdf
 - Garcia Mendes, Miriam (1993). O negro e o teatro brasileiro. Sao Paulo-Rio de Janeiro-Brasília: Hucitec-IBAC
 - Lourenço Mória, C. & Biscainho-Fernandes, C-C (2000). Talía na Crónica de Nós. Dez anos de teatro galego (1990-1999). Ourense: Abano
 - Magaldi, Sábado (2001). Panorama do teatro brasileiro. São Paulo: Global
 - Rebello, F. L. (1991). História do Teatro . Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda
 - Tato Fontaiña, L (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra
 - Tato Fontaiña, L (2000). "O teatro desde 1936", en Anxo Tarrío (coord.), Literatura Galega.. A Coruña: Hércules de Edicións
 - Tato Fontaiña, L. (2009). "Frustracións parapelas: Teatro Modernista Brasileiro e Teatro de Arte Galego", en Olivia Rodríguez González (ed.): Novas achegas ao mundo da cultura galega. Enfoques literarios e
 - Tato Fontaiña, L. (2009). "A renovación dramática na Galiza e no Brasil: a muller como problema", en Laura Tato Fontaiña & M^a Amparo Tavares Maleval (eds.): Estudos Galego-Brasileiros 3. Língua, Literatura, Ident. Rio de Janeiro
 - Vasques, Eugénia (1999). "O teatro português e o 25 de abril", Instituto Camões
- TEXTOS DRAMÁTICOS SUSCEPTÍBEIS DE SEREN COMENTADOS
- Xaime Quintanilla, Donosiña. Marcelino Mesquita, Uma anedota. Otero Pedrayo, Teatro de máscaras. Oswald de Andrade, A morta. Almada Negreiros: Deseja-se mulher. Manuel Lourenzo, Defensa de Helena. Gianfranco Guarnieri, Eles não usam black-tie. Roberto Vidal Bolaño, Laudamuco, Señor de Ningures. Chico Buarque, Roda viva. María Xosé Queizán, Antígona. Hilda Hilst, O novo sistema. Pepetela, A corda. Xesús Pisón, Teatro (Serpe, serpe. Natividade coruñesa. Guión para cinéfilos. Tambores en París. Lux Perpetua. Breviario Hamlet. Hamlet 2. Hamlet 3. Primeira comunión. Venus Podre. Vampiros. Caricias. Aniversario de Medea). Maria Estela Guedes, A boba. Pessoa, Carlos J., Festas de garagem



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Carvalho Calero, R (2000). Escritos sobre teatro. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor' da Universidade da Coruña - Barbosa, Pedro (2005). Teoría do Teatro Moderno. A hora zero. Porto: Edições Afrontamento - Cruz, I. (2001). Historia do teatro portugués. Lisboa: Verbo - Cruz, I. (2005). O teatro portugués. Estrutura e transversalidade. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral &quot;Francisco Pillado Mayor&quot; - Fernández Castro, X.M. (2011). A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia Bertamiráns: Laiovento - Franco, Camilo (2012). Dez obras na vida de Vidal Bolaño. A Coruña: Biblos - Martínez Teixeira, Alva (2009). O Herói Incómodo. Utopia e Pessimismo no Teatro de Hilda Hilst. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral &quot;Francisco Pillado Mayor&quot; - Pascual, Roberto (2013). Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro. Vigo: Xerais - Pena, M. & Enríquez, G. (2013). Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Vigo: Galaxia - Pérez, Marta & Vanesa Sotelo (2013). ?Tomar as rendas e crear á inversa: unha perspectiva feminista da creación escénica en Galicia?. En Revista Galega de Teatro nº 73: 7-16.. - Prado, Décio de Almeida (1993). Peças, pessoas, personagens. O teatro brasileiro de Procópio Ferreira a Cacilda Becker. Sao Paulo: Companhia das Letras - Tato Fontaiña, L. (2013). Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro. Noia: Toxosoutos - Tato Fontaiña, L. (2013). Do teatro ao cinema. Obras dramáticas e guiños cinematográficos de Ramón Otero Pedrayo. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco - Tato Fontaiña, L. (2001). A construción dun teatro nacional en Castelao. Castelao. Co pensamento en Galiza. Actas do Congreso. Pontevedra: AS-PG / Concello de Pontevedra. pp - Vasques, Eugénia (2001). Mulheres que escreveram teatro no século XX em Portugal . Lisboa: Colibri - Vidal Ponte, R. (2014). Fóra de portas. Santiago: Positivas
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012
 Lingua Portuguesa 1/613G02022
 Literatura Portuguesa 1/613G02026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua Portuguesa 2/613G02035
 Literatura Portuguesa 2/613G02037

Materias que continúan o temario

Observacións

Esta materia ten continuidade en "Literatura e espectáculo", do Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías